





PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. CONCELLO DE COTOBADE

_documentación complementaria do documento de inicio para avaliación ambiental estratéxica /
novembro 2010_

ASUNTO: DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DO DOCUMENTO DE INICIO

Con data de marzo de 2010 remitiuse ó organismo correspondente da Consellería de Medio Ambiente o Documento de Inicio para Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM de Cotobade.

Segundo escrito deste organismo, e a raíz das últimas modificacións lexislativas, considérase necesario achegar a documentación complementaria que a continuación se indica:

1. Estudio detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional.
2. Descrición e avaliación do sistema de núcleos.
3. Obxectivos xerais e específicos do Plan.
4. Alcance e contido do planeamento, das propostas e das súas alternativas.
5. Desenvolvemento previsible do planeamento.
6. Aproximación ós efectos ambientais previsibles.
7. Efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio e sobre a planificación sectorial.

Os puntos 4 a 7 aparecen recollidos nos apartados 4, 5 e 6 do documento de inicio aportado en marzo de 2010.

Polo que respecta ó punto 2 procede facer a seguinte breve descrición do sistema nuclear que artella a paisaxe humanizada do concello de Cotobade, xunto das potencialidades detectadas na estrutura territorial do concello:

O modelo urbano e territorial preliminar proposto para Cotobade, derivado do diagnóstico operativo formulado, baséase nos seguintes principios:

- Potenciación de Cotobade como Territorio de Calidade, que aproveite as sinxías dimanadas da súa imbricación no eixo atlántico e a súa proximidade ó continuo metropolitano Pontevedra – Vigo, mediante a definición de dous nodos rurbanos municipais (un lineal e descontinuo no noroeste e outro de equilibrio no centro), que aposten pola creación de centralidade, e o mantemento dun espazo rural de calidade, medioambiental,

paisaxístico, patrimonial e produtiva, no que se mesture a utilización racional dos recursos do medio co sistema de asentamentos tradicionais

- Consolidación dos núcleos de Tenorio e a Chan-Carballedo como nodos de urbanidade Municipal mediante a potenciación da localización de equipamentos urbanos e o fortalecemento da súa trama urbana edificada e da súa periferia inmediata, para garantir un grado óptimo de urbanidade e centralidade urbana no concello. Deste xeito fomentase a implantación da nova edificación en dous polos xa de por si atractivos para a edificación e polos que o Plan aposta como nodos de equilibrio territorial e prestadores de servizos. En ámbolos dous se fortalece o seu carácter de núcleos continuos, aproveitando as vantaxes dunha incipiente densidade de fluxos urbanos existentes para garantir a continuidade co seu contorno rústico inmediato.
- Consolidación do eixo descontinuo de centralidade para o asentamento residencial e de servizos, Tenorio – Viascón, potenciando este último como asentamento residencial en baixa densidade de calidade, mediante a definición de espazos públicos axeitados e garantindo a conectividade viaria rodada e peonil entre o nodo prestador de servizos de Tenorio e o asentamento residencial de Viascón mediante a definición de itinerarios de calidade paisaxística, que fomenten a sostibilidade do Plan. Deste xeito se opta pola potenciación da N-541 como viario artellador da zona noroeste do Concello.
- No marco da estratexia anterior propónse a localización dunha implantación industrial e terciaria de escala municipal no contorno do lugar de Salgueirós, potenciando segundo o sinalado no punto anterior o eixo artellador da N-541, establecendo as garantías desde o punto de vista do deseño paisaxístico, impacto ambiental, e a eficiencia da infraestrutura, para o mantemento dun óptimo funcionamento da mesma
- Dada a escala das actuacións de urbanidade de servizos, residencial e terciaria - industrial, tanto no eixo nor oeste da estrada N-541 como no nodo central de equilibrio de A Chan, para o seu desenvolvemento establécense propostas de ordenación de borde baseadas no acabado da trama urbana en relación co solo rústico mediante propostas de zonas verdes ou de baixa densidade de características paisaxísticas singulares. O plan aposta pola necesidade de producir accións encamiñadas a completar e sanear as estruturas rurbanas interiores dos nodos de desenvolvemento, artellando unha proposta que recoñeza a complexidade da relación rural urbana no interior dos polos de centralidade propostos, onde o recoñecemento da potencialidade das diferentes tramas que a compoñen e a introdución de espazos libres formalizados e equipamentos e a consolidación da trama

construída cunha certa continuidade mediante o emprego dun modelo de cidade xardín, son obxectivos centrais.

- Desde o punto de vista da construción das tramas urbanas, o Plan propón a atención ao proxecto urbano, ás técnicas de xestión e á concertación para garantir a súa viabilidade. Establécense operacións urbanísticas baseadas en técnicas sinxelas, con algunha pequena operación de desenvolvemento integral de tamaño axeitado e baseadas nun profundo coñecemento da trama parcelaria existente mediante a introdución da base catastral no documento.
- Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.
- Resolución e potenciación, mediante actuacións urbanísticas integrais, das posibles localizacións industriais vencelladas á N-541, poñendo especial atención á solución as problemáticas urbanísticas xeradas polos asentamentos industriais e de servizos asistemáticos.
- Proposición de alternativas aos enclaves industriais e de servizos, na posición de mellor comunicación e maior afastamento dos usos residenciais de cara a abrir o abanico de posibilidades de implantacións de novos usos.
- Formulación dun uso equilibrado do solo rústico no medio rural considerando o respecto ao medio ambiente e á paisaxe como valores de desenvolvemento, establecendo unha axeitada ordenación de usos e mantendo e potenciando os produtivos agro-gandeiros existentes. No sistema de núcleos rurais tradicionais establécense crecementos con carácter selectivo. O obxectivo do Plan é garantir a supervivencia da súa singular morfoloxía e tipo de edificios, favorecendo as políticas de rehabilitación, de mellora do espazo público e un desenvolvemento harmónico cos valores existentes. A aplicación da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, garante neste senso un nivel mínimo de determinacións da ordenación. Establécese polo miúdo a preservación dos solos de contorno dos núcleos para a actividade produtiva alí onde esta existe ou é susceptible de producirse. Dada a riqueza arqueolóxica e patrimonial do Concello de Cotobade o Plan orientará a súa aposta de desenvolvemento pola utilización do patrimonio como recurso.
- Desde o punto de vista socioeconómico, adóptase para Cotobade un modelo de crecemento lento pero sostido no tempo, baseado na potenciación da paisaxe como recurso e na rehabilitación territorial, nos servizos de calidade á poboación, no lecer, no reforzo das potencialidades industriais innovadoras complementada coa introdución de usos

innovadores no solo rústico e a potenciación dos usos tradicionais, establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.

Estes aspectos aparecen recollidos no plano que acompaña a presente documentación.

Os obxectivos específicos plantexados polo PXOM serán o seguintes:

A formulación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o concello de Cotobade ten unha orientación destinada a obter un modelo urbanístico e de desenvolvemento territorial equilibrado e sustentable, no que a estrutura xeral e orgánica do territorio resolva os problemas funcionais fundamentais que o Municipio amosa, e responda ao modelo territorial e urbano formulado.

A redacción do Plan Xeral fórmase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Cotobade combinando o realismo coa visión de futuro, capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixen, nos prazos que se determinen. Un Plan Xeral Municipal no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, de proxecto urbano, de xestión urbanística e a capacidade de xestión da administración actuante sexan as directrices de referencia.

Segundo estas formulacións e en relación aos Obxectivos Xerais de planificación territorial enunciados no modelo territorial e urbano previsto polo Plan establécense os seguintes obxectivos específicos:

1- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS REFERIDOS Á CLASIFICACIÓN DO SOLO

1.1.- Obxectivos específicos en orde a lograr o acabado e mellora do medio urbano existente.

O obxectivo fundamental, no solos de potencialidade urbana dos núcleos de Tenorio e Viascón no eixo noroeste e de A Chan no Centro ven de ser o de completar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completar aquela mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución.

A implantación de predominante tanto de vivendas, como de novos habitantes na escala dun concello como Cotobade, nestas zonas aconsella propoñer este modelo bipolar de centralidade reforzándoo e potenciándoo coa regulación dos espazos vacantes, prevendo o enlace axeitado co solo que se desenvolva na periferia.

Por outra banda, a posible ineficiencia do sistema xeral viario, derivado da proposta aconsella o deseño de alternativas viarias de servizo sobre a N-541, conseguindo un esquema máis reticulado e menos lineal que o vixente.

En resumo, no solo de potencialidade urbana preveranse as seguintes actuacións:

- A) Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas que no solo de potencialidade urbana terán carácter de Ordenanzas da edificación, de forma que se sistematice e simplifique a súa aplicación práctica, fagan máis sinxelo o seu entendemento aos cidadáns, e corrixan e obxectiven as ambigüidades que precisan interpretacións para a súa aplicación práctica.
- B) Xeración dunha trama viaria eficiente.
- C) Conservación e respecto, en xeral, das alturas consolidadas, completando aqueles preceptos normativos que se consideran deficitarios e adaptando os parámetros de aproveitamento aos establecidos pola Lei 9/2002 e posteriores modificacións.
- D) Identificación dos ámbitos de urbanidade consolidada.
- E) Identificación, de existir dalgún ámbito de solo que necesitan de actuacións de desenvolvemento integral.
- F) Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e sobre todo de espazos libres (segundo o analizado polo miúdo en epígrafes anteriores). O logro dun equilibrio entre a dimensión do tecido de potencialidade urbana e as súas dotacións e equipamentos, é un dos obxectivos fundamentais do Plan Xeral. Asemade, a obtención do solo necesario para ampliación das dotacións existentes, e implantación doutras novas, mediante o establecemento dos instrumentos de distribución equitativa adecuados, permitirá absorber as necesidades da poboación á que serven nas zonas polo xeral máis altamente densificadas. Neste aspecto, o Concello deberá comprometer o seu esforzo nos próximos anos de desenvolvemento do Plan, mediante a aplicación directa de parte dos seus recursos e a estimulación e o logro de acordos cos propietarios de solo, e os que, á súa vez, deberán afrontar con pleno rigor a consecución da culminación do proceso de desenvolvemento urbanístico. Iso contribuirá paralelamente á posta en valor dos recentes crecementos, e daqueles elementos e zonas en desuso urbano.
- G) Delimitación das Áreas de Repartición e cálculo dos seus aproveitamentos tipo conforme establece a Lei 9/2002 e posteriores modificacións.
- H) Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico ou de elementos arqueolóxicos existentes ou de novo achado.

1.2.- Obxectivos específicos nas áreas para novos asentamentos.

Neste documento sinálanse as áreas de solo aptas para a súa incorporación ao proceso de desenvolvemento urbanístico como novas implantacións industriais e acabado das tramas con potencialidade urbana residencial, e aqueloutros que polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais deben ser preservadas.

Para o solo con potencialidade para novos desenvolvementos industriais e acabado de tramas con potencialidade urbana, o Plan Xeral formula os seguintes obxectivos:

- A) Xerar novo solo industrial toda vez que na actualidade Cotobade carece de solo para o desenvolvemento regulado de actuacións industriais e terciarias, nos lugares con mellores condicións de comunicación garantindo a boa relación cos solos de potencialidade produtiva e cos valores medioambientais e patrimoniais do territorio, apoiándose para isto no eixo que supón a N-541.
- B) Xerar areas de remate, de ser necesarias, das tramas de potencialidade urbana detectadas
- C) Prever un tratamento adecuado das áreas para novos asentamentos residenciais e industriais.
- D) Incluír e definir, nas Áreas de Repartición, a parte do solo para as actuacións puntuais de novos asentamentos que poida ser necesaria para conseguir os obxectivos formulados no Plan Xeral adscribindo, ás mesmas, os solos de sistemas xerais que se consideran necesarios a efectos da súa obtención a través da aplicación do instrumento do aproveitamento tipo e cesión obrigatoria.

Para encamiñar o posible desenvolvemento das actuacións no solo para novos asentamentos a longo prazo, caso de existir a necesidade, establécense os seguintes criterios e obxectivos:

- A) Establecer as condicións para a delimitación de ámbitos de xeito que estes constitúan unidades xeográficas e urbanísticas continuas que permitan un desenvolvemento adecuado.
- B) Establecer a dimensión mínima dos ámbitos garantindo, coa mesma, que se permita a reserva de dotacións derivada da lexislación urbanística.
- C) Establecer as condicións de enlace dos novos ámbitos cos Sistemas Xerais do termo municipal, a efectos de garantir o correcto funcionamento e comunicacións dos asentamentos.
- D) Establecer as limitacións e restriccións sobre intensidades de usos, usos globais e tipoloxías de edificios, nas distintas zonas do termo municipal, buscando salvagardar o carácter e a

vocación de cada unha delas, e evitando tensións e interferencias que puidesen derivarse da introdución en partes do territorio de novos usos ou tipoloxías.

1.3.- Obxectivos específicos para a ordenación do sistema de núcleos rurais existentes.

O obxectivo fundamental, no sistema de núcleos rurais do concello de Cotobade, é o de completar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completar aquela mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución.

Preténdese potenciar que aqueles núcleos próximos ás tramas de potencialidade urbana identificada (eixo nor oeste e nodo central do concello) e aqueles que levan mantido dinamismo no seu desenvolvemento, se integren no desenvolvemento do plan, preservando a súa singularidade arquitectónica e de uso.

Para os núcleos periféricos do termo municipal que manteñen as súas características morfolóxicas e de uso, propónse a potenciación daqueles actividades produtivas propias do medio ou a aposta pola introdución daqueles novos usos innovadores compatibles coa preservación dos núcleos. Para modelar un rural sostible e frear o proceso de despoboamento, propónse unha delimitación acorde coas necesidades reais e coas características morfolóxicas e socioeconómicas da estrutura nuclear establecida.

En resumo, no solo de núcleo rural, realízanse as seguintes actuacións:

- A) Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, faise máis sinxelo o seu entendemento aos cidadáns e corríxense e obxectívanse ambigüidades existentes.
- B) Conservación e respecto, en xeral, das edificacións existentes procurando en cada caso englobalas, dentro da delimitación dos núcleos rurais proposta.
- C) Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e espazos libres existentes no conxunto do termo municipal e na periferia dos núcleos rurais establecendo unha estratexia de agrupación de servizos parroquial ou municipal.
- D) Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico ou de elementos arqueolóxicos existentes ou de novo achado.

1.4.- Obxectivos específicos para o solo de potencialidade rural.

O obxectivo xeral que o Plan se propón para o solo de potencialidade rural é a delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ao proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais ou outras de similar natureza.

Este obxectivo traducirase directamente na protección das áreas de interese medioambiental ou bioecolóxico ou polo seu interese ou capacidade agrícola, gandeira ou forestal, consideradas na información urbanística que realmente teñan este valor.

Como segundo obxectivo neste tipo de solo, o Plan contempla as condicións das edificacións permitidas imbricadas nas características produtivas, medioambientais, paisaxísticas e patrimoniais do medio.

2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS SOCIO-ECONÓMICOS.

A situación de Cotobade como concello cuns parámetros de actividade vencellados fortemente a súa posición no continuo metropolitano do corredor Pontevedra-Vigo e a súa forte dependencia do sector agrícola regresivo así como o proceso de envellecemento da poboación, con un territorio de alta calidade paisaxística e medioambiental amosan un concello con importante potencialidade para un desenvolvemento como asentamento de poboación en cidade xardín de calidade, orientado a interpretación do patrimonio e do medioambiente, e a implantación de usos secundarios e terciarios de calidade, de acompañamento ou de enclave. ,

O novo Plan, deberá contemplar aquelas actuacións que dean soporte e faciliten a implantación ordenada destes usos e outros que no tempo emprendedores vencellados ó concello podan formular. O Plan deberá establecer ademais aquelas medidas que na ordenación de usos tendan a garantir a cohesión social e o equilibrio territorial.

En especial o Plan deberá establecer os mecanismos que fomenten a implantación de actividades produtivas de carácter especializado no termo municipal, a localización de iniciativas de lecer avanzado e o uso do medio ambiente como recurso, en definitiva, que fomenten o desenvolvemento sostible do concello e a súa conversión en territorio innovador.

Compre facer as reservas de solo para a implantación das infraestruturas de transporte e telecomunicacións que atraian a localización de empresas e profesionais que completen os

ciclos produtivos existentes e promovan outros novos, apoiando procesos de Desenvolvemento e Innovación.

O liderado nestas formulacións da iniciativa municipal e a concertación cos operadores privados durante a redacción e vixencia do Plan, orientaranse a conseguir os seguintes obxectivos:

- A) Creación de solo industrial e terciario, que fomente o pulo de actividades industriais e de servizos no municipio, así como a implantación de industria e servizos innovadores. Esta implantación realizarase mediante a disposición de novos asentamentos de uso industrial-terciario na zona norte do eixo de desenvolvemento da N-541.
- B) Establecemento dos parámetros normativos que permitan a implantación de actividades innovadoras nos ámbitos de potencialidade urbana
- C) Optimización da mellora das infraestruturas de transporte proxectadas e existentes utilizándoas para vertebrar o Concello e artellar o seu desenvolvemento.
- D) Diversificación produtiva do medio rural, establecendo a ordenanza que permita a preservación de recursos primarios e a ordenación e mellora das explotacións mediante a mellora da rede viaria municipal.
- E) Potenciación dos valores ambientais e paisaxísticos do termo municipal, como xeradores dunha industria de lecer especializado.

3.- OBXECTIVOS ORIENTADOS A RESOLVER PROBLEMAS ESTRUTURAIS.

Contémplanse neste apartado as necesidades a cubrir de novos sistemas xerais que teñan en conta a estrutura urbana e eliminen os problemas de funcionamento observadas no momento actual.

Así, fundamentalmente, débese prever a corrección das deficiencias observadas nas infraestruturas de transporte e comunicacións:

- Utilización de novas vías para garantir a correcta accesibilidade ao territorio, en especial referida ás novas zona de desenvolvemento industrial proposta.
- Potenciación de itinerarios peonís e vías de servizo que garantan a conectividade nos eixos de desenvolvemento propostos
- Definición das medidas correctoras de detalle baseadas na enxeñaría de tráfico, nos núcleos existentes, que sexan consideradas necesarias para resolver problemas puntuais existentes na rede de comunicacións, pondo especial atención na correcta definición da solución formal destas propostas garantindo o baixo impacto urbano das mesmas.

- Mellora da rede interior de comunicación entre os diversos núcleos, mediante un estudo pormenorizado do seu trazado que elimine os problemas puntuais de ordenación existentes ao longo da mesma.

4.- ALTERNATIVAS DE MODELO TERRITORIAL E URBANO PROPOSTOS.

A seguir analízanse as alternativas de modelo territorial e urbano plantexadas para a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cotobade. Plantéxanse tres alternativas nomeadamente 0, 1 e 2 que se expoñen a seguir para o seu análise:

ALTERNATIVA 0:

Presupón o resultado dimanante da non realización do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Esta alternativa non é plantexable dado o imperativo legal establecido pola lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e modificacións posteriores, que establece a obrigatoriedade para todos os concellos de Galicia da elaboración de planeamento xeral.

ALTERNATIVA 1:

Propón un modelo estratéxico, isótropo, concentrado e selectivo baseado en estratexias de desenvolvemento territorial que considere a priorización e a optimización selectiva dos recursos recoñecidos considerados por definición escasos, desde o punto de vista da sustentabilidade.

ALTERNATIVA 2:

Propón un modelo baseado en potencialidades, anisótropo e non-selectivo baseado en estratexias de desenvolvemento territorial que considere a neutralidade na toma de decisións e a máxima capacidade de carga nos distintos escenarios posibles.

A seguir expóñense as propostas de modelo concreto para o concello de Cotobade nas hipóteses 1 e 2.

4.1. TRAMAS DE POTENCIALIDADE URBANA

ALTERNATIVA 1:

As tramas de potencialidade urbana propostas artéllanse en dous nodos de equilibrio do concello: Un plantexado no eixo noroeste do concello artellado pola estrada N-541, nos núcleos de Tenorio e Viascón; un segundo nodo de potencialidade urbana propónse como polo de equilibrio territorial no núcleo de A Chan-Carballedo.

ALTERNATIVA 2:

Establecemento de tramas de potencialidade urbana en todas as cabeceiras parroquiais, para garantir implantacións residenciais abondosas en todo o territorio municipal nun modelo adireccional e non prioritario, en densidade alta e media.

4.2. ORDENACIÓN DAS ÁREAS DE POTENCIALIDADE URBANA**ALTERNATIVA 1:**

Propónse unha ordenación baseada no recoñecemento tipolóxico da realidade existente, e o respecto polas características urbanísticas e arquitectónicas do construído (tipoloxía edificatoria, edificabilidade e alturas), garantindo a identificación e potenciación dos espazos de convivencia rurbanos, nun modelo de cidade xardín.

ALTERNATIVA 2:

Propónse unha ordenación baseada na utilización de novas tipoloxías edificatorias, predominantemente en bloque aberto e o uso de edificación en alta e media densidade, propondo un modelo de cidade densa difusa e multinodal.

4.3. SOLOS PARA NOVOS ASENTAMENTOS INDUSTRIAIS – TERCIARIOS E ACABAMENTO DOS SOLOS DE POTENCIALIDADE URBANA**ALTERNATIVA 1:**

Prevese un único asentamento industrial terciario vencellado a N-541 no corredor de desenvolvemento Noroeste no contorno Viascón - Sacos.

Prevense asemade pequenas pezas de acabamento residencial de tecido próximas ós tecidos de potencialidade urbana, que se levarán a cabo no menor número de actuacións, nun modelo concentrado.

ALTERNATIVA 2:

Descentralización do modelo urbano. Prevense diversos asentamentos industriais ó longo da N-541 e vencellados as estradas interiores do Concello, de boa accesibilidade, nun intento de consolidar enclaves que recollan poboación laboral dos concellos limítrofes e que proxecten auténticas expansións dos núcleos que se desenvolvan.

Prevense asemade pequenas pezas de acabado residencial de tecido próximas ós tecidos de potencialidade urbana, para acadar a máxima capacidade de carga.

4.4. NUCLEOS RURAIS**ALTERNATIVA 1:**

Proponse unha estratexia dobre que potencie os asentamentos vencellados ó corredor estratéxico noroeste Tenorio- Viascón, prolongándoo cara a Sacos, e os do nodo de equilibrio de A Chan - Carballedo. Para a rede nuclear interna do Concello proponse a súa mellora e conservación como asentamentos produtivos vencellados á utilización racional dos recursos de territorio.

ALTERNATIVA 2:

Proponse un modelo anisótropo e descentralizado de crecemento, que considere todos os núcleos como polos de asentamento residencial nunha malla indiferenciada, xerando condicións homoxéneas de crecemento e posibilitando a opción de asentamento de vivenda en media densidade e compacta para todos eles.

No tocante ó estudio do medio rural e do modelo de asentamento poboacional compre aportar a documentación correspondente que se recolle no CD que acompaña o presente escrito.

O equipo redactor:

Juan A. Caridad Graña

Isidro López Yáñez

Arquitecto

Arquitecto

